




*Quero ser
investigadora*

Universidade de Vigo







Ola!



*Moitas nenas
soñadoras, valentes e
curiosas convertéronse
en investigadoras,
queres coñecelas?*

*Quero ser
investigadora*

Universidade de Vigo






Quero ser investigadora

Universidade de Vigo

“

Ás veces a distancia non é xeográfica, senón que é a que mantén afastado o traballo desenvolvido nos laboratorios e na academia.



investigación////////////////////
igualdade////////////////////
universidade de vigo////////////////

A investigación é a que impulsa o avance da sociedade e ten moita máis presenza na vida cotiá da que nos imaxinamos

Ás veces a distancia non é xeográfica, senón que é a que mantén afastado, por puro descoñecemento, o traballo desenvolvido nos laboratorios e na academia e a súa nula comunicación á cidadanía. Aínda que algúns medios de comunicación trataron esa aproximación e contan cunha extensa bagaxe destinada a facerlle intelixible a ciencia á audiencia non especializada, aínda estamos no camiño de lograr xerar interese e maior transcendencia do que facemos nas universidades. Máis aló dos tópicos do persoal investigador de bata branca que estuda micromundos ou da reflexión teórica da documentación de todos os ámbitos, a investigación é a que impulsa o avance da sociedade e ten moita máis presenza na vida cotiá da que nos imaxinamos.

Coa pretensión de pór ao alcance de todos os públicos o desenvolvemento científico da institución que representamos, creamos a finais do ano 2018 a Unidade de Cultura Científica e da Innovación da Universidade de Vigo (UCC + i). Esta unidade nace da conxunción das persoas que formamos os equipos das vicerreitorías de Investigación e de Comunicación e Relacións Institucionais, á vez que do espírito de entendemento e da necesidade de trasladar, de modo sinxelo e persuasivo, o traballo das nosas investigadoras e investigadores.

O traballo da UCC + i está centrado en cinco grandes liñas de actuación. Por un lado, busca a difusión dos resultados da I + D + i desenvolvida na Universidade de Vigo e o seu impacto na sociedade, así como a posta en valor da investigación e da figura da persoa investigadora. Igualmente, a través das canles de comunicación creadas para chegarlle á cidadanía, intentamos favorecer a divulgación xeral de ciencia e tecnoloxía e fomentar as vocacións científicas e

tecnolóxicas entre a mocidade. Para iso, apostamos por soportes como a web, a UVigo TV, as canles de Youtube da universidade e da propia UCC + i, así como as redes sociais que son hoxe en día unha porta de entrada ineludible para chegar a esa aldea global que representa o mundo virtual. Pero non só iso, senón que o traballo desta unidade tamén está relacionado coa nosa comunidade investigadora, xa que lle proporciona o asesoramento e a formación necesarios en comunicación científica, comunicación social da ciencia e relación con medios de comunicación.

O presente libro, cunha selección de mulleres de referencia desta universidade, o seu deseño e a súa maquetación, son un exemplo dos produtos que queremos lanzar para consumir sen as trabas dunha linguaxe técnica que poida supoñer calquera tipo de barreira.

A UCC + i seguirá traballando acotío para que se coñeza máis e mellor, tanto dentro coma fóra da institución académica, o que facemos en ciencia nos cinco ámbitos de coñecemento e para que, deste xeito, a Universidade de Vigo se converta nunha oportunidade e unha opción para as persoas con inquietanzas de formación presentes entre as que ofertamos.

Mónica Valderrama

Vicerreitora de Comunicación e Relacións Institucionais

Valorar e visibilizar mulleres científicas contemporáneas, pioneiras en moitos casos, e espertar a vocación investigadora entre as e os máis cativos

Habitualmente, na infancia e na adolescencia fálannos de persoas destacadas, puntos de referencia en diferentes campos para servirmos de modelo para o noso futuro. No ámbito científico, nos últimos anos estase a incidir na visibilización da muller para fomentar a súa participación neste ámbito como parte dunha estratexia coa que se pretende favorecer un mundo máis xusto e igualitario onde as mulleres teñan presenza nas áreas de coñecemento primordiais nos vindeiros anos. Porén, nestes casos, sempre se fai referencia a mulleres de gran talento como Marie Curie, Jane Godwall, Ada Lovelace etc., que non son coetáneas das rapazas e rapaces cos que estamos interactuando e que, incluso, quedan moi afastadas, xeograficamente falando, destas nenas e nenos.

Desde a Unidade de Cultura Científica e da Innovación da Universidade de Vigo queremos romper moldes e apostar por ofrecerlles ás novas xeracións exemplos de investigadoras actuais e que están moito máis preto do que normalmente se pensa.

Con «Quero ser investigadora» buscamos poñer en valor as contribucións e as investigacións da nosa universidade mediante o traballo destas dez científicas a nenas e nenos de diferentes centros educativos e ao público en xeral.

Cada libro é unha porta que se abre para coñecer de primeira man a historia de dez persoas que apostaron por facer o que lles gusta e por colaborar no avance da sociedade traballando desde a Universidade de Vigo.


O obxectivo fundamental é valorar e visibilizar mulleres científicas contemporáneas, pioneiras en moitos casos, e espertar a vocación investigadora entre as e os máis cativos, con figuras femininas da súa contorna como referencia.

Agardamos que con esta iniciativa, a frase «Quero ser investigadora» sexa unha constante en moitas rapazas e reafirme moitas outras no seu intento de converterse na persoa que queiran ser, tal e como fixeron as protagonistas das nosas historias.

Animámosvos a coñecelas e a axudarnos a difundir as súas vivencias para espertar intereses, promover soños, incentivar vocacións e, sobre todo, evidenciar a achega da Universidade de Vigo e destas investigadoras no avance do coñecemento.

**Marta Crespo
Lucía Calvo**


Unidade de Cultura Científica





Julia

Armesto González





Julia

Armesto González



Para ser científica tes que facerte preguntas, pero tamén tes que saber atopar posibles respostas. Observa, escoita, ensaia, persiste, aprende e comparte. A ciencia é un camiño cara ao crecemento profesional e persoal.

*tecnoloxías cartográficas/////////
incendios forestais////////////////////
drons////////////////////////////////////*





*Que tal?
Coñecémonos?
Chámome Julia
e son investigadora na
Universidade de Vigo*

Grazas ao meu traballo, coñecín lugares remotos e todos eles moi, moi interesantes. Viaxei a Francia, Alemaña, Italia, China, Australia... Entrei en covas con gravados rupestres, mosteiros, xacementos romanos, paraxes naturais de difícil acceso, edificios históricos, infraestruturas críticas en fase de reconstrución... Increíble, non si?

A verdade é que ser investigadora é toda unha aventura! Unha desas na que cada novo proxecto trae consigo novos retos que superar, unha nova aprendizaxe, unha nova solución... E sabes que? Para aventureira, eu! Por iso, disposta e decidida, houbo un día no que me lancei á grande aventura: a conquista da miña tese de doutoramento! Así comezou todo, coma unha gran fazaña que me permitiu plantar a primeira semente que acabaría por converterse nunha árbore de coñecemento, cada vez máis grande e máis frondosa.

O máis bonito de toda esta historia é que todas estas viaxes e peripecias me permitiron entrar en contacto coas necesidades reais de xestores e empresas que lle proporcionan servizos á sociedade. E, sen dúbida, o máis reconfortante de investigar é esa sensación de que podes facer pequenas cousas que serven para mellorar o noso mundo. Isto resultoume apaixonante desde o inicio e, aínda hoxe en día, a curiosidade e a aprendizaxe continua son dous dos motores da miña vida.

Pero, perdoa! Que eu me emocionon falando das miñas andanzas e aínda non che contei sobre que investigo. Pois aí vou!

Lembras que antes falaba dunha árbore, a do coñecemento? Pois é que a cousa vai bastante de árbores, e fragas, e montes... Resulta que un dos temas nos que se centra o meu traballo de investigación son os incendios forestais. Un tema de gran preocupación para toda a sociedade e máis aínda vivindo nunha terra coma a galega, onde o patrimonio natural é de vital importancia para nós.

Esta investigación é posible grazas a que a miña área de coñecemento son as tecnoloxías cartográficas. Que iso que é? Verás, a cartografía é a ciencia aplicada encargada de reunir, realizar e analizar medidas e datos de diferentes áreas da Terra, para representalas graficamente con diferentes dimensións. Pode parecer simple, pero esta disciplina está sufrindo cambios extraordinarios grazas aos drons, aos novos satélites de observación, aos robots automáticos e á miniaturización dos sensores. Ao contar con todos estes avances, a día de hoxe, podemos observar e medir fenómenos impensables ata hai uns anos. E un deses fenómenos son, como dicía, os incendios forestais.

Queres saber máis? Cóntoche! Grazas ás tecnoloxías cartográficas estamos observando relacións

causa-efecto entre a gravidade dos lumes e certos parámetros como o tipo de vexetación no terreo, a conservación do monte en cuestión, a presenza ou proximidade de cursos de auga e mesmo a ocorrencia de lumes en anos anteriores e a orientación topográfica do terreo. Con estas análises estamos obtendo resultados interesantísimos e, aínda que sabemos que non hai receitas máxicas, o que está claro é que debemos coidar máis dos montes.

O máis abraiante de todo é que este tipo de estudos poden axudar a mellorar a comprensión dos incendios e, deste xeito, contribuír a planificar mellor as políticas de prevención e de loita contra estes. Pensar que co meu traballo podo influír na mellora da protección das persoas, dos bens privados e do patrimonio natural, é un dos maiores orgullos e un dos retos máis estimulantes na miña carreira como investigadora.

O interese por aprender cousas novas é algo que temos desde nenas, a curiosidade é algo innato a todas nós. Por iso, o máis importante que che quero transmitir é que nunca perdas esa curiosidade por seguir aprendendo. Esa curiosidade, como a miña, será a que che permita crecer como persoa e, quen sabe, emprender novas aventuras! Anímaste?



Departamento

Enxeñaría dos recursos naturais e medio ambiente

Centro

Escola de Enxeñaría Forestal-Pontevedra

Área

Enxeñaría cartográfica, xeodésica e fotogrametría


Grupo de investigación


Explotación de Minas



Lola

Dopico Aneiros





Lola

Dopico Aneiros



Non creas a quen afirma que tes que ser unha especie de xenio para ser investigadora. Eu coñezo a moitos e son xente moi normal. Só necesitas ter paixón por algo, ser un pouco teimuda e estar disposta a manter aberta a túa mente, dúbidar continuamente e non ter medo a preguntar e a cuestionar o que coñeces.

moda////////////////////
arte////////////////////
deseño////////////////////





Queres saber quen son? Chámome Lola e investigo na Universidade de Vigo

Son unha apaixonada da arte e da moda, que busca sempre traballar conxuntamente con outras persoas. A ciencia entre colegas lévase mellor, como todo na vida, non cres? Se de algo estou segura é de que en investigación precisas dun equipo para avanzar. Pero estou adiantando acontecementos... I mos comezar polo principio...

Cando comecei a miña carreira investigadora, eu non era máis ca unha estudante que acababa de rematar os seus estudos en Salamanca e que se deu conta de que quería seguir indagando máis. Sentía que apenas empezaba a comprender a disciplina que me gustaba e decidín emprender o doutoramento. Unha vez defendida a miña tese, tiven a oportunidade de pór en marcha un grupo de investigación centrado na converxencia entre arte e deseño, con temáticas como a videocreación, a tipografía, a edición, a moda, a creación dixital, etc. Estabamos entusiasmados co noso traballo!

Era un campo no que había moito por facer e quixemos crear un contexto propicio para compartir e poder traballar en equipo, algo imprescindible para min. Porque, ás veces, sobre todo no eido de humanidades, os investigadores e investigadoras traballan de forma moi autónoma, pero a min sempre me pareceu que é moi necesario crear comunidades e tecer redes. De feito, cando empecei o doutoramento non había apenas grupos de investigación nos que traballar nun campo como no que eu estaba interesada. O territorio do deseño e da tecnoloxía tiña un carácter emerxente. Ese foi o reto: empezar a artellar as estruturas para que os que viñesen despois o tivesen máis sinxelo. Intentei deixarche un camiño aberto para que ti o tiveses máis fácil ca min.

Agora mesmo o meu campo de traballo céntrase no ámbito da creación e do deseño, e especificamente nos últimos anos, no eido do deseño e da creación de moda. Seguro que é unha área que a ti tamén che gusta, non si?

Concretamente, a miña investigación céntrase no eido do deseño de moda, a indumentaria e o vestido como axentes performativos, as súas implicacións sociolóxicas e discursivas na construción da identidade individual e colectiva e na relación do suxeito co corpo. A que non pensabas que a moda tivese tal alcance?

Non é un traballo sinxelo, como todo na vida, pero hai que traballar, persistir, ter paciencia, asumir os erros como parte do proceso, resistir e seguir cara adiante. Debemos entender que as dificultades son intrínsecas e que, ás veces, hai que sortealas; outras temos que enfrontalas, pero nunca son definitivas, non imposibilitan. Nada nin ninguén pode deterte, unicamente ti decides. As dificultades son retos e oportunidades de aprendizaxe.

A investigación para min é unha oportunidade para saciar a necesidade de seguir descubriendo e aprendendo. Pero non só iso, como o territorio do deseño é unha disciplina moi nova achégame a sensación de estar contribuíndo a construír unha incipiente comunidade científica arredor deste ámbito, baseada na interdisciplinabilidade e fomentando o avance técnico, social e cultural desta área.

Se ti tamén cres que o teu futuro vén da man da investigación, o primeiro que tes que saber é que existen milleiros de campos de estudo. Busca a túa paixón e descubrirás deseguida que hai xente increíble investigando

nese territorio. Non dubides en achegarte ás investigadoras e investigadores, faino xa. Descubre quen traballa nese eido ou en algo parello, ponte en contacto e empeza a coñecer o que fan. É importante estar relacionada cunha comunidade que comparta os teus intereses. Pensa que non tes nada que perder, só podes gañar.

Déixate levar pola túa intuición, polo que sabes, sen saber. Investiga e percorre ese camiño. Ás veces terás que saltar, ás veces vadear e incluso terás que construír as túas propias pontes. Pero non o dubides. Gozarás do traxecto, sobre todo, rodeada de xente que tamén quere facelo contigo!



Departamento
Debuxo

Centro
Facultade de Belas Artes - Pontevedra

Área
Debuxo

Grupo de investigación
Tracker. Laboratorio Visual



Francisca

Fariña Rivera





Francisca

Fariña Rivera



Para ser científica, escolle o tema que máis che preocupe e desexes mellorar coa certeza de que, aínda que sexan moitas as dificultades, podes logralo.

psicología xurídica e forense/////
resolución pacífica de conflitos//
xustiza terapéutica////////////////////

INFANCIA

DIÁLOGO



EN LOS PROCESOS DE SEPARACIÓN Y DIVORCIO, LOS NIÑOS Y LAS NIÑAS TIENEN DERECHOS Y LOS PROGENITORES LA RESPONSABILIDAD DE GARANTIZARLOS



POR EL BIENESTAR DE LOS HIJOS E HIJAS LOS PROGENITORES DEBEN ANTEPONER LOS DERECHOS DE AQUELLOS A LOS SUYOS PROPIOS



DERECHOS DE NIÑOS Y NIÑAS EN LA SEPARACIÓN O DIVORCIO DE SUS PROGENITORES (DICTADOS POR EL TRIBUNAL DE FAMILIA DE WISCONSIN, 1987)

- Derecho a ser tratados como personas que tienen intereses y que están afectadas, y no como meras prendas o posesiones.
- Derecho a expresar sus sentimientos sobre la separación o divorcio.
- Derecho a querer a su padre y a su madre sin tener sentimientos de presión, culpa o rechazo.
- Derecho a no encontrarse en un conflicto de lealtades y a no ser alienado en contra de ninguno de sus progenitores.
- Derecho a que no le pregunten sobre la elección de uno u otro progenitor o en qué lugar preferen vivir.
- Derecho a mantener una relación productiva y constructiva con cada progenitor.
- Derecho a no tener que tomar decisiones propias de adultos.
- Derecho a seguir siendo niños y niñas, sin tener responsabilidades de adultos, sin tener que ser "cuidadores de sus padres" o asumir tareas propias de estos.
- Derecho a no inmiscuirse en un juego doloroso entre ambos progenitores.
- Derecho a mantener un nivel y apoyo económico adecuado y proporcionado por ambos progenitores.
- Derecho a aprender comportamientos adecuados a través del ejemplo de sus progenitores.
- Derecho a tener amigos y a participar en actividades escolares y de la comunidad.
- Derecho a prepararse para ser académicos y a prepararse para ser autónomos e independientes.
- Derecho a formar su propia identidad personal basada en sus experiencias y su origen y a formar una identidad personal basada en sus experiencias.



OBLIGACIONES DE LOS PROGENITORES EN LA SEPARACIÓN O DIVORCIO (Fariña y Arce, 2002)

- Evitar que las disputas conyugales a los hijos e hijas, centrándose en su rol parental y en las necesidades de estos.
- Colaborar conyugal del parental, de manera que padre y madre colaboren para dar una respuesta eficaz a las necesidades de sus hijos e hijas.
- Reconocer que los hijos e hijas no son un bien ganancial a repartir, sino una responsabilidad parental para ambos progenitores.
- Destacar los aspectos positivos de la separación o el divorcio.
- Reconocer que la ruptura es un proceso traumático que afecta a todos los miembros de la familia y muy especialmente a los hijos e hijas. Por tanto, es necesario proporcionarles apoyo y apoyo para superarlo.
- Mantener una imagen positiva del otro progenitor, de modo que no se fomente el deterioro y el descrédito del otro.
- Respetar que los hijos e hijas escojan entre uno u otro progenitor o que decidan en qué lugar quieren vivir.
- Evitar hacer sentir a los hijos e hijas que siempre podrán contar con ambos progenitores.
- Ofrecer a los hijos e hijas la oportunidad de expresar sus sentimientos, ayudándoles a entender y a superar las cogniciones y emociones nocivas.
- Evitar cualquier actitud destructiva y negativa.



RESPO

Que tal? Eu son Francisca e investigo na Universidade de Vigo

A investigación trouxo e segue a traer moita satisfacción á miña vida. É unha paixón á que dedico moito tempo e considero altamente necesaria.

E, claro, ti estarás pensando: «Pero sobre que investigas, Francisca? En que traballas realmente?». Pois tes toda a razón do mundo. As historias hai que contalas desde o comezo... E velaquí vai a miña!

Nos anos oitenta (si, nos oitenta, non hai tanto diso), como dicía, nos anos oitenta inicie os estudos de Psicoloxía co firme propósito de chegar a ser terapeuta. O meu principal obxectivo era formarme para, nun futuro, poder axudar as persoas que tivesen problemas emocionais e psicolóxicos. Iso é, eu quería axudar e estaba disposta a esforzarme todo o necesario para chegar a ser unha gran profesional. Grazas a este empeño por dar o mellor de min, conseguín unha bolsa de colaboración que me deu a oportunidade de achegarme ao marabilloso mundo da investigación. Foi unha experiencia que me marcou moito, ata o punto de que, ao finalizar os meus estudos universitarios, xurdiu a grande idea que deu comezo a toda a miña carreira profesional: cursar o doutoramento. E alí estaba eu, valente e decidida a mergullarme aínda máis no mundo da psicoloxía, unha disciplina que naquela época non era tan coñecida. E para iso existimos as investigadoras e investigadores, non cres? Para xerar novo coñecemento e compartilo co mundo enteiro.

Tras moitos anos de estudo, dedicación, paixón e traballo duro, podo dicir con firmeza e orgullo que o meu ámbito de traballo é a psicoloxía xurídica e forense cun enfoque de xustiza terapéutica. Tamén son especialista nun tema de vital importancia, como é o da convivencia e a resolución pacífica de conflitos. Interesante, eh?

BENESTAR

DIREITOS

MENORES

ONSABILIDADE

FALAR
DOS TEUS
ERROS
NON É TABU,
É A VIDA

FALAMOS?

FALAR
DO QUE CHE
PREOCUPA
NON É TABU,
É A VIDA

FALAMOS?

Como contaba, o enfoque da xustiza terapéutica é a base de toda a miña investigación. E ti dirás: «E iso que é?». Pois ben, por exemplo, aplico o meu coñecemento como psicóloga aos procesos de ruptura de parellas con fillos e fillas, para que os pais e nais exerzan unha crianza positiva, garantindo os dereitos e o benestar dos nenos e das nenas, porque esta será sempre a meta que se debe lograr. Grazas a todo isto, tiven a oportunidade de desenvolver o primeiro programa en España e en América Latina de apoio a familias con proxenitores separados. Un logro que para min ten especial significado.

O meu traballo permitíume desenvolver ferramentas de apoio ás familias que viven unha ruptura de parella, así como protocolos de actuación para os psicólogos e psicólogas xurídicos que permiten incidir positivamente no benestar psicoemocional de todos os membros da familia. Como vedes, estudei a carreira de Psicoloxía de maneira vocacional, coa firme idea de axudar outras persoas, e agora podo dicir que o meu traballo de investigación non se separou nin o máis mínimo dese propósito, que foi a semente de todo o demais.

Obviamente, como en todo camiño, houbo algúns obstáculos... Conciliar a crianza dunha filla, a vida familiar e persoal, coa docencia e a investigación é un reto para toda persoa. No meu caso, a axuda dos nosos familiares e o incondicional apoio do meu compañeiro de estudos e de vida foron clave para que a miña alta dedicación á investigación fose unha realidade. Pero, sen dúbida, a miña paixón por aprender e por axudar foi o motor que permitiu poñer todo en marcha e alcanzar grandes metas.

Como muller, penso que se queremos ocupar o lugar que nos corresponde en todos os ámbitos, a investigación é un bo camiño para conseguilo. Xerar novo coñecemento require de pensamento creativo e de moita (pero que moita, moita) constancia. Anímaste a intentalo?

ERROS
NON É TABŪ,
É A VIDA

¿FALAMOS?

FALAR
DO QUE CHE
PREOCUPA
NON É TABŪ,
É A VIDA

¿FALAMOS?

de
a Nu
Eu D
S E
T R
A E
h R
me J
n c
me v



Departamento
Análise e intervención psicosocioeducativa
Centro
Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte
-Pontevedra
Área
Psicoloxía básica
Grupo de investigación
Psicoloxía Xurídica

RESPONSABILIDADE



Ana

Garriga Domínguez





Ana

Garriga Domínguez



Como ser humano único podes achegar o teu propio camiño á busca da verdade e a túa visión, un pouco diferente, pode enriquecer o percorrido que transitamos todos e todas.

dereitos fundamentais////////////////////
protección de datos persoais////////
internet////////////////////////////////////





Ola! Son Ana e investigo na Universidade de Vigo

Sabes que os avances tecnolóxicos poderían ir en contra dos teus dereitos fundamentais? Pois un dos meus campos de traballo vincula ambos os temas. Se pensas que o dereito é algo anacrónico e antigo, vinculado ao pasado, estás equivocada. A día de hoxe, é unha cuestión de grande actualidade que ten aplicación en moitos ámbitos que afectan a nosa vida diaria. Se non me cres, segue lendo.

Son unha persoa con moitas inquedanzas. Durante a carreira, decateime de que estudas o que establecen as leis para regular a conduta das persoas co fin de tratar de evitar conflitos sociais ou para resolvelos. Pero a verdade é que a min me interesaban máis outro tipo de cuestións. Sempre fun unha rebelde!

Por este motivo, quixen afondar nos problemas que a realidade social lle supón ao dereito que, ante cambios moi rápidos, non sempre conta cos medios para resolvelos e debe adaptarse para darlles resposta ás necesidades das persoas. Por iso quixen ser investigadora: para axudar nesta transformación.

A investigación achégame a serenidade que preciso porque me permite coñecer un pouco mellor o que me rodea e a min mesma. Ti tamén tes unha morea de dúbidas? Es das persoas que non te conformas? Queres sempre saber máis e cuestionar todo o que sucede? Pois es das miñas!

En concreto, o tema que realmente me interesou e co cal comecei a miña carreira investigadora foi o impacto que o desenvolvemento tecnolóxico, especialmente as tecnoloxías da información e a comunicación (TIC), teñen nos dereitos humanos.

Por unha banda, estudo os efectos negativos que determinados usos da tecnoloxía poden ter. Por exemplo, analicei como a elaboración de perfís nas plataformas sociais (as redes sociais) permite aplicar técnicas de microsegmentación (son técnicas de mercadotecnia baseadas no comportamento de cada individuo) para elaborar información política personalizada. Por outra banda, tamén investigo a relación destas técnicas coa difusión de noticias falsas (fake news) e o fenómeno da desinformación.

O outro tema no que estou traballando con equipos de investigación doutras universidades é o desenvolvemento dun dispositivo que poida detectar, mediante técnicas de intelixencia artificial (IA), se unha persoa está en risco a través da súa actividade diaria no fogar. O obxectivo principal será axudar as persoas maiores proporcionándolles maior independencia e seguridade.

Neste caso, son a responsable de estudar a aplicación da normativa sobre protección de datos para garantir que o dispositivo sexa respectuoso cos dereitos dos usuarios e usuarias. Para iso, estudamos como vai funcionar o dispositivo, que datos persoais necesita recoller e analizar, como se conservarán, transmitirán, etc. Unha vez feita esta análise, debemos ver cales son as medidas que temos que adoptar e, dese xeito, podemos influír no propio deseño do dispositivo.

Como podes ver, o meu traballo permitíume corroborar que o dereito á intimidade é insuficiente para protexer a dignidade das persoas ante o rápido desenvolvemento tecnolóxico e que debemos tratar de ofrecerlles mellores ferramentas xurídicas para garantir que se respecta. Todo un desafío, verdade?

A que non esperabas que o dereito se puidese aplicar así? A investigación ten esa capacidade: a de descubrir sempre cousas novas. Por iso, recoméndoche que, se es unha persoa curiosa, te deixes levar polo teu instinto. Se te fas preguntas que aínda non teñen resposta ou se a solución non che parece suficiente, non te conformes. Participa na busca desas explicacións e serás quen de atopalas.



DEREITO Á IGUALDADE

COM
SAM


Departamento
Dereito privado

Centro
Escola Superior de Enxeñaría Informática - Ourense

Área
Filosofía do dereito

Grupo de investigación
MEDEA Iuris

F



María

Lameiras Fernández



The image features a solid purple background. In the upper left, there are several thick, white, curved lines that resemble stylized hair or abstract shapes. In the center, a white rectangular box with a thin border contains the text "FEMINISM IS FOR EVERYONE." in a bold, white, sans-serif font. To the right of the box, there are two vertical, jagged white lines that look like stylized lightning bolts or zig-zags. At the bottom, there are more thick, white, curved lines, similar to the ones in the top left. On the far right edge, there is a vertical column of many small, white, wavy lines stacked on top of each other.

FEMINISM
IS
FOR
EVERYONE.

María

Lameiras Fernández



*O coñecemento é o camiño á liberdade.
Dedicar a túa vida á investigación permitirá
achegarte á versión máis libre de ti mesma,
contribuíndo a mellorar a vida doutras
persoas e do noso planeta. Un percorrido
cheo de retos e de dificultades, pero tamén
cheo de apaixonantes experiencias.*

xénero////////////////////////////////////
igualdade////////////////////////////////////
sexualidade////////////////////////////////////

FEMINISM IS FOR EVERYONE.

Clitoris

A FEMINIST WORLD IS A BETTER WORLD.

Sexualidad y salud





*Queres coñecer
a miña historia?
Son María e traballo
como investigadora na
Universidade de Vigo*

Practicamente desde que teño conciencia, lembro estar interesada por analizar e comprender o comportamento humano. Paréceme, e aínda hoxe segue a parecerme, un universo apaixonante con moitísimo por descubrir. O certo é que sempre fun moi curiosa e foi precisamente este interese o que me levou a estudar Psicoloxía. Pero, o conto non acaba aquí!

Durante os meus estudos universitarios, estaba moi interesada pola psicoloxía clínica, e foi no terceiro curso da miña licenciatura cando recibín o impulso definitivo que me lanzou directa a mergullarme no mundo da investigación. Sabes esas persoas que marcan a nosa vida? Que che dan os consellos que precisas no momento xusto e necesario? Que che dan ás para lanzarte a voar? Pois así era o meu profesor de Estatística, quen logo se convertería no meu director de tese e, por suposto, no meu mentor. El transmitiume a súa paixón; unha paixón que marcaría a miña vida profesional como docente e investigadora. E claro, a investigación é o que ten..., que unha vez que comezas xa non queres parar! Parece que engancha!

Os meus primeiros pasos como investigadora estiveron marcados por referentes masculinos e iso fixome ser consciente da necesidade de que as nenas teñan referentes femininos. É importante que coñezan a talentosa participación das mulleres na ciencia e, en xeral, en todos os eidos políticos, sociais, artísticos e culturais. Estarás de acordo, verdade?

Ademais, durante eses anos, deime conta da ausencia de formación nun tema que a min sempre me pareceu de vital relevancia: as relacións afectivo-sexuais. Entre unha cousa e

outra, deille voltas e máis voltas, e lanceime por un camiño do que estou moi orgullosa: inicié e liderei unha nova liña e equipo de investigación no ámbito da sexualidade humana con perspectiva de xénero.

Nesta apaixonante aventura foime de grande axuda afondar e inspirarme na traxectoria doutras mulleres que, ao longo da historia, foron abrindo camiño. E sabes que? Unha das pioneiras no ámbito mundial do estudo da sexualidade como disciplina científica foi unha española, e filla dunha galega! Non che parece abraiante? Esta gran muller aínda non era moi coñecida e eu decidín escoller o seu nome para o meu grupo de investigación: Hildegart Rodríguez Carballeira. Agardo que non esquezas este nome, porque son deses que marcan a historia.

Grazas a todos estes pasos que fun dando e á inspiración doutras mulleres como Hildegart, agora dedico unha importante parte da miña investigación á educación sexual con perspectiva de xénero e inclusiva coa diversidade, desenvolvendo estratexias de intervención para a promoción da igualdade. Actualmente, estou investigando sobre a cousificación dos corpos das mulleres e as violencias que sofren a través do acoso sexual e as agresións sexuais. E hai algo máis bonito ca traballar a prol dunha sociedade máis xusta e igualitaria?

A verdade é que me sinto afortunada. A investigación permíteme desenvolver unha profesión pola que sinto total paixón; dáme a liberdade para centrar a miña atención, tempo e enerxía nas temáticas que considero máis relevantes; e apodérame como ningunha outra actividade, ao facerme máis dona do meu destino como persoa. É

un espazo fascinante onde podes atopar respostas ás túas inquedanzas e axudar a crear un mundo mellor. Esta traxectoria profesional brinda a oportunidade de establecer conexións e colaboracións con persoas de calquera parte do mundo, unidas para atopar solucións que poden contribuír a garantir a saúde e o benestar da humanidade e do planeta.

Sei que agora mesmo pode parecerche todo moi difícil ou inabarcable... Pero, xa para rematar, quero dicirte que con determinación e confianza, e co traballo en común con outras mulleres, non hai nada que se nos resista.

Atrévete, tes un mundo enteiro por descubrir!



Departamento

Análise e intervención psicosocioeducativa

Centro

Facultade de Ciencias da Educación - Ourense

Área

Personalidade, avaliación e
tratamentos psicolóxicos

Grupo de investigación


Saúde, sexualidade e xénero



Elena Ojea

Fernández Colmeiro





Elena Ojea

Fernández Colmeiro



*Para ser investigadora, non necesitas
vocación, só curiosidade e non ter medo a
equivocarte afrontando novos retos.*

*cambio climático////////////////////
xestión dos recursos mariños////
adaptación////////////////////*


ICES Annual Science Conference,
18-21 September 2017

CLOCK
Universidade de Vigo

FUTURE
OCEANS
LAB
Universidade de Vigo

SOCIOECONOMIC IMPLICATIONS OF THE OBSERVED CLIMATE CHANGE DISTRIBUTIONAL IMPACTS IN COMMERCIAL MARINE SPECIES

Filipe Aguiar, Diego Salguero-Ojeda,
Iñaki Rubio, Elena Ojea
Future Oceans Lab, Universidade de Vigo, Spain





Como estás? Son Elena e investigo na Universidade de Vigo. Cóntoche a miña historia?

De pequena sempre me chamou a atención a natureza e todo o que tivese relación co mundo mariño. Gustábame tanto, que sabía de memoria os libros con fotos de animais e de plantas..., ata tiña guías con especies locais que revisaba unha e outra vez! Quen me ía dicir que esa paixón me levaría ata onde estou agora?

Despois de anos de estudo no instituto, chegou ese momento crucial no que temos que decidir que rumbo segue a nosa vida, que estudos facer, en que nos queremos converter... Que difícil, non si? Este foi o momento no que me crucei coa carreira de Ciencias Ambientais. Descubrí nela a oportunidade de adquirir unha formación transversal, centrada na crise ambiental e nas posibles solucións a ese problema que xa afectaba a natureza que tanto me gustaba. E alá fun de cabeza, a aprender todo o que puidese para achegar o meu gran de area.


Pero..., non pensedes que a historia acaba aquí! Tras varios intentos de traballo no mundo da investigación e da innovación, traballando con probetas, coa miña bata branca e, por suposto, nun laboratorio..., descubrí que o meu eran as ciencias sociais, as que realmente nos axudan a entender as causas e os remedios para a sustentabilidade. Descubrí a importancia da relación entre as persoas e a natureza, e intereseime por como a economía e as ciencias sociais poden axudar a mellorar o estado do planeta. Grazas á miña tese de doutoramento en Economía, descubrí que se pode facer ciencia no eido ambiental e social, tratando de entender a relación entre a xente e a natureza. E, pouco a pouco, segundo ía aprendendo, aplicando metodoloxías e obtendo resultados, deime de conta de que realmente me gustaba moito ser investigadora!

Agora dedícome á investigación porque creo que a sociedade precisa xente que pense e analice a nosa relación co mundo e que descubra melloras para acadar a xestión sostible dos recursos naturais e unha convivencia coa natureza xusta para todas e todos. Coa miña investigación estudo as diferentes maneiras de xestión, que fan que os recursos naturais perduren durante máis ou menos tempo, tratando de mellorar a calidade de vida das persoas, e tendo en conta as actuais ameazas que supón o cambio climático.

Ultimamente estou moi concentrada en estudar os impactos que o temido cambio climático ten sobre as especies mariñas de pesca. Sabías que o aumento da temperatura da auga por mor das emisións de gases de efecto invernadoiro está a provocar un cambio na distribución dos peixes no mar? Pois si, resulta que isto tamén ten un impacto sobre a pesca, os barcos xa non atopan a pescada ou o bacallau nos mesmos lugares de sempre e, claro..., a cousa complicase! Aquí é cando entramos en acción os meus colegas de investigación e mais eu: estudamos cales son as especies máis afectadas por este problema e buscamos unha posible solución. A cuestión é que non perdan nin os pescadores nin os peixiños: todos temos que gañar! Para resolver toda esta lea, mesturamos as ciencias naturais e as ciencias sociais, analizamos como está a situación e cales son as medidas aplicadas á pesca para logo decidir se son válidas ou se é preciso cambialas. A través da divulgación deste traballo, espero poder recomendar medidas útiles que reduzan os impactos negativos e axuden o equilibrio entre os ecosistemas mariños e a xente do mar, que vive e se alimenta deles.

Parece interesante, verdade? Ti tamén podes facelo. Calquera persoa con interese pode atreverse na especialidade que lle apeteza e empezar de cero. Para min o máis importante para ser investigadora é non ter medo nin pór límites ao que unha persoa é capaz de entender e abranguer. A investigación permite estar en contacto con xente moi interesante coa que podes traballar e da que podes aprender, ademais de dar a oportunidade de viaxar e coñecer outras realidades e culturas.

No meu caso, descubrín o que me gustaba despois de probar varias cousas e aínda hoxe sigo aventurándome por terreos descoñecidos para min. Acompáñasme?




Departamento
Economía aplicada

Centro
Centro de Investigación Mariña (CIM)

Área
Uso sostenible de recursos mariños


Grupo de investigación
Future Oceans Lab (FOL)





Lorena

Otero Cerdeira





Lorena

Otero Cerdeira



Se che preguntan por que queres ser científica, pregunta ti: e por que non?

*informática////////////////////
ciudades intelixentes////////////////////
tecnoloxías da información////////*





Voume presentar. Son Lorena e traballo como investigadora na Universidade de Vigo

Pode parecerche raro, pero non lembro un momento concreto da miña vida no que espertase e dixese: «Quero ser investigadora», senón que, máis ben, a investigación atopoume a min. Creo que mellor voucho contar con calma para que me poidas entender.

Todo comezou polo meu interese pola informática, que me levou a ser das poucas mulleres que se animan a cursar esta carreira. Segundo ía coñecendo o meu campo de estudo e ía traballando en diferentes proxectos, máis interese espertaba en min o mundo da investigación. É como cando unha avelaiña se sente atraída por unha luz. Non podía evitar querer saber máis e máis, achegarme máis á lámpada como fan esas bolboretas nocturnas. Nunca as viches?

Coido que o labor investigador é unha das opcións máis creativas para desenvolver a miña profesión de enxeñeira en informática. Ao dedicarte a este campo sempre estás traballando en cuestións innovadoras e destacadas que contribúen a mellorar a sociedade desde un punto de vista tecnolóxico. Ese é o motivo de que me especializara na busca de novo coñecemento neste ámbito.

Como as chorumas, voaba cara á luz da investigación e neste camiño houbo un momento crucial para min: cando tiven a posibilidade de coñecer a Nieves Brisaboa. Sabes quen é?

Ela foi a primeira muller catedrática en Linguaxes e Sistemas Informáticos de Galicia, o que é un fito en si mesmo. Pero, ademais, é importante destacar que o fixo tras darlle unha volta de 180° á súa orientación profesional. Tiña unha licenciatura en Psicoloxía, exería de profesora de EXB e

atopouse coa informática, unha área que tanto a apaixonou, que quixo cambiar completamente o seu perfil profesional. Ese tipo de determinación e de valentía é inspiradora. Porque hai que ter claro que nunca é tarde para facer o que realmente queres!

Ante esta realidade, o meu afán por avanzar como investigadora foi incrementándose e agora mesmo traballo no ámbito das tecnoloxías da información, en concreto, na representación de coñecemento mediante ontoloxías e aplicando esta investigación a sistemas baseados na internet das cousas.

Pensarás... «e iso para que serve?» Pois, actualmente estou a traballar na integración de coñecemento en cidades intelixentes ou smart cities, mediante o uso de ontoloxías e de algoritmos de aliñamento. O obxectivo é lograr que aplicacións de diferentes tipos, desenvolvidas por diferentes compañías ou administracións públicas, poidan compartir coñecemento dun xeito transparente.

Na tendencia actual, é necesario que calquera aplicación ou sistema desenvolvido para unha cidade intelixente ou fábrica se poida empregar noutra cunha adaptación mínima que maximice a utilidade do citado produto. Que tal se poñemos un exemplo? No caso do coche conectado, está moi ben se funciona na miña cidade, pero aínda mellor se funciona en calquera. Iso é o que intento facer cos meus estudos. A que é interesante?

Como boa bolboreta, seguí voando seguindo o feixe de luz da investigación, pero non foi un camiño sinxelo. En moitas ocasións é complicado conciliar a carreira coa vida familiar,

pero tratando de organizar ben o tempo e tendo claras as prioridades en cada momento, todo é posible, non si?

Encántame o meu traballo porque me permite indagar sempre en cousas novas e destacadas, resolver problemas que aínda non teñen solución ou buscar mellores saídas para produtos ou tecnoloxías que teñen un impacto na vida diaria da xente.

Penso que cada persoa debe dedicarse ao que lle guste. Se non sabes que estudar, busca aquilo que te leve a pensar: «Quero que isto sexa a miña profesión, porque me gusta e porque o fago ben». Se iso é investigar, pois adiante. Non hai que ter medo, nin deixarse desanimar por quen aínda pense que a ciencia é cousa de homes.

Escolle a túa luz e segue o seu camiño.



Departamento
Informática

Centro
Escola Superior de Enxeñaría Informática - Ourense



Área
Linguaxes e sistemas informáticos

Grupo de investigación
Laboratorio de Informática Aplicada



María Concepción

Paz Penín





María Concepción

Paz Penín

“

Aínda é necesario traballar na visibilización das mulleres no ámbito da investigación.

*mecánica de fluidos////////////////////
computational fluid dynamics/////
automoción////////////////////////////////////*





*Ola!
Chámome Conchi,
son enxeñeira
e investigadora na
Universidade de Vigo*

Traballo na Área de Mecánica de Fluídos e son membro do grupo de investigación de Tecnoloxía Enerxética. Pode soar un pouco..., como dicilo? Denso? Pero o certo é que, en xeral, hai un profundo descoñecemento respecto ao labor dunha enxeñeira ou dun enxeñeiro e, máis aínda, sobre o noso papel dentro do ámbito da investigación.

Se queres saber máis sobre o meu traballo, non pares de ler. Vouche contar todo... Prometido!

Sabías que grazas ao meu labor investigador podo impulsar avances na mobilidade eficiente e, así, contribuír á transición cara a unha sociedade máis sustentable? Pois si, grazas á enxeñaría podemos axudar a atopar solucións alternativas a problemas que nos preocupan a todos e a todas. E..., hai algo mellor ca isto?

O cambio climático, a contaminación..., son temas dos que falan todos os días nos medios de comunicación e que, desde o ámbito da enxeñaría, estamos tratando de combater. No noso grupo de investigación desenvolvemos varios proxectos relativos á redución de emisións contaminantes en automoción e relacionados coa transición aos vehículos eléctricos. Nunha das nosas liñas de investigación, por exemplo, estamos a desenvolver sistemas de recuperación da calor residual de gases dos tubos de escape, convertendo esa calor en enerxía eléctrica. É alucinante! A incorporación deste sistema aos nosos vehículos permitiría a redución das emisións de CO₂, ademais dun aforro importante de combustible. Imaxinas?

A verdade é que a miña carreira como investigadora achégalle moitas satisfaccións á miña vida e, por iso,

estou moi orgullosa de ter tomado as decisións que me trouxeron por este camiño. Aprender algo novo todos os días e tratar de achegar solucións; traballar en colaboración con outros equipos de investigación, coñecendo os seus avances e a súa forma de traballo; ou participar en grandes proxectos con empresas multinacionais..., son importantes motivacións que me achegan un grande enriquecemento, tanto no ámbito profesional coma persoal.

E ti pensarás que a onde quero chegar con todo isto. A cuestión é que eu son unha namorada do meu traballo e ben sei que a enxeñaría pode causar algo de rexeitamento, xa por descoñecemento, xa por parecer máis fría ca outros ámbitos de estudo... Pero, a enxeñaría é innovar en ámbitos como a enxeñaría biomédica, as enerxías renovables, a robótica, os novos materiais... A enxeñaría non é fría, con ela podemos deseñar, construír, ser creativos, axudar as demais persoas e contribuír ao mundo co noso gran de area.

Por todo isto, diríalles a todas as persoas con dúbidas que, se consideran que teñen capacidades como o interese, a curiosidade ou as ganas de aportar solucións, non teñan medo e intenten achegarse ao traballo que desenvolvemos as enxeñeiras e enxeñeiros. Quen sabe..., pode que algún día se animen a estudar e a investigar neste ámbito tan apaixonante. Unha cousa está clara: terán o mundo enteiro por descubrir!



Departamento
Enxeñaría mecánica, máquinas
e motores térmicos e fluídos

Centro
Escola de Enxeñaría Industrial – Vigo


Área
Mecánica de fluídos

Grupo de investigación
Grupo de Tecnoloxía Enerxética (GTE)



Elena

Sánchez Trigo






Elena

Sánchez Trigo

“

Todas as persoas temos un futuro, pero só algunhas están dispostas a contribuír a crealo: ti podes ser unha delas.

*tradución francés-español/////////
recursos multilingües/////////
corpus//////////*



Ola! Son Elena e son investigadora na Universidade de Vigo

Vouche facer unha pregunta: sabías que como tradutora poderías axudar as persoas que padecen enfermidades raras? A miña traxectoria como investigadora é proba diso. Permanece atenta!

Eu teño formación en Filoloxía Francesa e, tras facer a miña tese de doutoramento, incorporeime á Área de Tradución e Interpretación, que se acababa de crear, logrando obter a primeira Cátedra de Tradución e Interpretación da nosa comunidade.

Na actualidade, aínda que pareza sorprendente, coordino un grupo integrado por persoas do ámbito da tradución, da informática e das matemáticas. Curioso, non si? Pero é que sempre me interesaron especialmente as investigadoras e investigadores capaces de explicar cousas complexas de maneira sinxela e accesible, sen ter en conta o campo ao que pertencen. Ademais, considero que o traballo en equipo e a combinación de áreas é fundamental na investigación.

Unha parte dos nosos estudos céntrase na creación de recursos multilingües a partir de corpus electrónicos (conxuntos de exemplos reais de usos da lingua a través da rede). O obxectivo é crear ferramentas de utilidade para tradución, interpretación e redacción no ámbito da biomedicina e campos afíns. Si, liches ben, biomedicina. Ata creamos un portal de recursos lingüísticos sobre enfermidades raras chamado RERCOR! A que non imaxinabas poder facer algo así na nosa área?

Coa nosa investigación, podemos facilitar a mediación comunicativa desde un punto de vista médico e social, desenvolvendo recursos que describan axeitadamente a



terminoloxía empregada polos doutores e doutoras para falar das enfermidades raras. A tradución é un axente fundamental para divulgar o coñecemento, e o traballo desenvolvido neste eido contribúe a difundir a información sobre estas doenzas e a incrementar a súa visibilidade. E isto, creme, é de grande importancia para as persoas que as padecen, porque precisan que o mundo saiba o que lles sucede e comprender o que as e os especialistas de diferentes países din ao respecto.

Desta forma, coa miña achega podó establecer unha converxencia entre a miña actividade como investigadora e tradutora e o servizo á comunidade. Porque ao final o que quero é axudar, mediante os instrumentos que me proporciona o meu campo de estudo.

Debes ter en conta que a carreira profesional na universidade é moi interesante, pero tamén moi esixente. Non sempre é fácil atopar o camiño para avanzar, crear grupos, atopar medios de financiamento, sobrevivir á burocracia, etc. Pero traballando e tendo presente que son os feitos académicos os que deben contar, eses problemas pódense salvar.

A miña investigación logrou moitos avances, pero eu teño claro que os máis importantes son sempre os que están por chegar. Non obstante, creo que as ferramentas creadas para contribuír a mellorar a calidade das traducións nun ámbito novo e de moita actualidade social, como as enfermidades raras, é algo de gran valor non só para min, senón para toda a sociedade. E ti? Quererías axudarme? A investigación está a agardar por ti!



Departamento
Tradución e Lingüística

Centro
Facultade de Filoloxía e Tradución-Vigo


Área
Tradución e interpretación

Grupo de investigación
Compiladores e Linguaxes (COLE)



Diana

Valverde Pérez





Diana


Valverde Pérez



Os obstáculos non deben evitar chegar ao destino.

xenética////////////////////////////////////
enfermidades hereditarias/////////
bioloxía////////////////////////////////////





O meu nome é Diana e son investigadora na Universidade de Vigo

A miña historia é a de moitas persoas ás que lles gustan os retos. Ti es unha delas? Queres saber máis?

Eu estudei Bioloxía, o que xa supón un desafío, posto que non é algo sinxelo, pero si alcanzable se realmente é o que queres facer da túa vida.

Cando rematei a carreira, tiven a sorte de contar coa orientación da miña tía Isabel Valverde, que é endocrinóloga, médica especializada nas enfermidades das hormonas, o metabolismo e os problemas nutricionais. Naqueles anos a súa era unha profesión moi innovadora e eu quería seguir un camiño pouco convencional coma o que ela estaba abrindo. A miña tía guiou as miñas inquietudes cara a unha área nova como era a xenética. Así, comecei a traballar diagnosticando enfermidades hereditarias, é dicir, que se transmiten de pais a fillos dunha xeración a outra, no hospital de Santiago de Compostela. E aquí atopei un novo reto!

Daquela este tipo de traballos tiñan moito de investigación e cada caso era algo novo. Tiña que estudar moito e non tiña a vosa sorte, xa que a información non estaba dispoñible en internet como hoxe en día. Cada caso era un novo envite para o meu coñecemento, polo que día a día ía querendo afondar máis neste ámbito que me permitía esixir máis a min mesma. A teimuda non hai quen me gañe!

Por iso, obcecada como son en buscar novas metas, o meu campo de traballo foi desde entón o estudo destas doenzas. Concretamente, intento explicar a súa base molecular. Sabes que é iso?

O meu traballo é estudar o comportamento biolóxico das partes que compoñen as células vivas. É dicir, investigo a interacción dos diferentes sistemas da célula como, por exemplo, o ADN (que é toda a información xenética hereditaria que serve de «manual de instrucións» para vivir e reproducirnos) ou o ARN (é o que permite que as células comprendan a información do ADN) no funcionamento correcto destes organismos.

Non che parece alucinante? Imaxínaste cantas cousas podo investigar? Pois desde cegueiras hereditarias vinculadas con outras enfermidades como a obesidade ou a diabetes ata a hipertensión arterial pulmonar, unha patoloxía rara que afecta os pulmóns.

Todo parece moi complicado, non si? Son cuestións difíciles, pero é imprescindible que existan persoas coma nós que estuden o que sucede para que estas enfermidades se herden. O que fago permitiu avances como identificar os xenes implicados en doenzas coma estas, e deixarnos así analizar os mecanismos que están alterados nestes casos.

Desta forma, co noso traballo puidemos establecer a causa da enfermidade en moitas familias afectadas ou estudar a evolución das súas características clínicas atendendo á causa que a provoca desde o punto de vista molecular. Así, puidemos instaurar grupos diferentes de pacientes con terapias específicas en función das características da doenza.

O meu traballo supón un desafío a diario, porque atopar respostas a todas as preguntas que nos facemos como investigadoras é moi difícil, pero tamén é apaixonante.

Ser investigadora ofreceume a oportunidade de indagar nos mecanismos moleculares das patoloxías, coñecer investigadores e investigadoras de prestixio internacional e traballar con equipos de diferentes áreas. Desta forma, síntome parte da engrenaxe que favorece o aumento do coñecemento. Sinto a satisfacción de que podo achegar o meu gran de area ao avance do saber da humanidade, logrando acadar novos retos cada día!



Departamento

Bioquímica, xenética e inmunoloxía

Centro

Facultade de Bioloxía – Vigo

Área

Bioquímica e bioloxía molecular

Grupo de investigación

Xenómica e Biomedicina



Edición e dirección

Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais
Mónica Valderrama Santomé (*vicerreitora*)
Alicia López Pedreira

Texto e fotografía

Unidade de Cultura Científica (UCC)
Lucía Calvo López
Marta Crespo Cruces

Ilustración

Estefanía Fernández Cerdeira

Deseño e maquetación**Área de Imaxe**

Ana Soler Baena (*directora*)
Tania Sueiro Graña
Iria Cortizo Franco
Lucía Verdugo Gonzalo

Revisión lingüística**Área de Normalización Lingüística (ANL)**

Fernando Ramallo Fernández (*director*)
Eva María Castro Figueiras
María Cristina Rodríguez Ricart

Impresión

Tórculo Comunicación Gráfica

ISBN

978-84-8158-843-9

Data e lugar de edición

2020, Vigo (Pontevedra). España

© dos textos, as súas autoras

© das imaxes, as súas autoras

© da presente edición, a Universidade de Vigo

Universida_deVigo

